

# SVETLANA ALEXIEVICH

Svetlana Alexievich nace o 31 de maio de 1948 en Stanislav, unha localidade da actual Ucraína, lugar onde o seu pai estaba destinado. Pouco despois volve á súa terra natal, Bieolorrusia.

Estudou xornalismo na Universidade de Minsk. Traballou nalgúns xornais e converteuse nunha incansable viaxeira que, atravesando fronteiras, buscaba testemuños de persoas supervivintes dos grandes feitos históricos.

En 1985 publicou o seu primeiro libro: *“La guerra no tiene rostro de mujer”*, que recollía as entrevistas feitas a mulleres que participaran na II Guerra Mundial. Isto provocou que a despedisen do xornal onde traballaba, acusada de traicionar o sentimento nacional ruso.

Na súa obra *“Jóvenes de latón”*, entrevista a cincocentas persoas que participaran na invasión de Afganistán por parte da Unión Soviética. Denuncia moitos casos de violacións dos dereitos humanos e vese obrigada a comparecer ante o tribunal.

A súa postura crítica fronte ao réxime soviético levouna a ter que buscar refuxio político no ano 1991, vivindo en diversos países europeos.

En 1997 publicou *“Voces de Chernóbil”*, unha obra mestra na que recolle os testemuños das vítimas do accidente nuclear.

En 2015 gañou o Premio Nobel de Literatura, sendo a primeira escritora de non ficción en recibir este galardón.

Stevlana Alexievich, unha muller comprometida cos dereitos humanos e coa xustiza que lle deu voz ás vítimas e que cultivou o seu propio xénero literario: “a novela a voces”.

Pedro Rodríguez Vidal

1º Bacharelato C